



**Actividades previstas  
HIXIENE DAS MANS  
Servizo Galego de Saúde  
5 de maio 2024**



## Índice

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. CONSELLERÍA DE SANIDADE/SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.....	4
3. ÁREAS SANITARIAS.....	5
3.1 Área Sanitaria de Coruña e Cee.....	5
3.2 Área Sanitaria de Santiago e Barbanza.....	6
3.3 Área Sanitaria de Ferrol.....	7
3.4 Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de lemos.....	8
3.5. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras.....	11
3.6 Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.....	12
3.7. Área Sanitaria de Vigo.....	14
3.8. Hospital Ribera – Povisa.....	15



## 1. INTRODUCCIÓN

O 5 de maio é o Día Mundial da Hixiene de Mans. Dado que este ano coincide en domingo, celebrarase o día 3 de maio.

Este ano o lema da campaña elixido pola OMS é:

*“Por que segue sendo tan importante compartir coñecementos sobre a hixiene de mans?”*

*“Porque axuda a deter a propagación de xermes”.*

Para unha comunicación máis directa, desde o Ministerio de Sanidade elíxese o slogan:

**“ La higiene de manos previene las infecciones”.**

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde súmanse á conmemoración da Xornada Mundial de Hixiene das Mans.

A OMS fai fincapé en que a hixiene de mans segue sendo a medida máis efectiva para a prevención de infeccións e chama á implicación directa dos profesionais sanitarios e pacientes, o compromiso decidido dos líderes, xestores sanitarios e o respaldo dos responsables das políticas sanitarias, para conseguir que a hixiene das mans se sitúe como medida preventiva prioritaria nos centros sanitarios.

Esperamos que a campaña deste ano una e anime aos profesionais a ser constantes e a perseverar nesta práctica segura:

- Utilizar produtos de base alcohólica.
- Formarse na correcta Hixiene de Mans e na prevención de infeccións.
- Colaborar no seguimento e avaliación das medidas que facilitan a Hixiene de Mans.
- Compartir a importancia da Hixiene de Mans e o uso correcto dos guantes. Un uso indebido de guantes, aumenta o risco de infección e incide negativamente na seguridade dos pacientes.
- Promover a cultura de seguridade no seu centro. Recibindo o apoio dos equipos directivos, para integrar a hixiene de mans e o bo uso dos guantes na práctica clínica do día a día.



## 2. CONSELLERÍA DE SANIDADE/SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Publícase na intranet e na web da Consellería de Sanidade, información sobre a Xornada Mundial de Hixiene das Mans 2024, tanto dirixida a profesionais sanitarios como á poboación, e os recursos dispoñibles para ser utilizados polos centros (Servizo Galego de Saúde, Ministerio de Sanidade, Organización Mundial da Saúde, Centro para o Control e Prevención de Enfermidades dos Estados Unidos (CDC), á que se pode acceder a través do seguinte enlace: <https://www.sergas.gal/Asistencia-sanitaria/5-de-maio-2024-Celebracion-do-Dia-Mundial-da-Hixiene-das-Mans>

Incluirase tamén no carrusel da páxina principal da web, unha imaxe da conmemoración deste día.

Publicarase na portada principal de Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento (ACIS), información destacada sobre a conmemoración deste día, así como o recordatorio do curso online de autoformación "Hixiene das mans" dispoñible na súa plataforma de formación.

O Director Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde enviaralles un correo electrónico a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde o día 3 de maio, dado que o día 5 este ano é domingo, para lembrarles a importancia de realizar unha correcta hixiene de mans nos 5 momentos adecuados, que recolle a estratexia da OMS.

Facilitarase o acceso á información sobre hixiene de mans a través da Escola Galega de Saúde para Cidadáns, de é-Saúde e no portal de Xente con Vida.



### 3. ÁREAS SANITARIAS

#### 3.1 Área Sanitaria de Coruña e Cee

- Sesións formativas durante todo ou mes de maio en diferentes unidades hospitalarias, dando canal de contidos-back sobre os resultados das auditorías levadas a cabo no primeiro cuadrimestre do ano en curso.
- Colocación de cartelería tanto da Consellería de Sanidade como do Ministerio de Sanidade.
- Difusión do programa e ou cartel de Hixiene de mans de 2024 desde a Intranet dá área, nun lugar destacado dá páxina principal (como banner).
- Mesas informativas nas entradas principais de 3 centros (HUAC, HTH e CEE). Nos outros 2 centros (AyL e OZA realizaranse roldas informativas en cada unha das unidades de xeito individual), incorporando folletos, petacas de solución alcohólica e outros artigos de promoción da hixiene de mans.
- Ofreceráse ás persoas que o desexen, por parte do persoal das mesas, a posibilidade de cotexar o resultado da súa práctica de HM mediante unha lámpada ultravioleta de demostración, comparando o antes e o despois.
- Distribución de merchandising de elaboración propia tal como chapas, calendarios, planing de quendas, marcapáxinas e cartelería onde se fará fincapé en HM durante diferentes técnicas asépticas: -SONDAXE URINARIO -INTUBACIÓN ENDOTRAQUEAL -FERIDA CIRÚRXICA-CATÉTER VENOSO PERIFÉRICO -CATÉTER VENOSO CENTRAL
- Envío de información a escola de enfermería para que reforcen nesta semana a formación en hixiene de mans.
- Carta a todos os profesionais da área sanitaria sobre a importancia da hixiene de mans como medida prioritaria para a prevención das infeccións e a ligazón ao Curso de Hixiene de Mans na Atención Sanitaria 2024, (código:2413910) na Plataforma ACIS.
- Campañas en prensa e redes sociais.



### 3.2 Área Sanitaria de Santiago e Barbanza

#### EN TODA a ÁREA:

1. Divulgación mediante o carrusel da intranet do cartel informativo conmemorativo do día Mundial de Hixiene de Mans.
2. Emisión dos 5 momentos da Hixiene de Mans e do Cartel Informativo en todas as pantallas da área sanitaria de acceso ao público en xeral.
3. Envío, mediante correo corporativo, de información e ligazón ao curso ACIS de Hixiene de Mans a todos a traballadores da área.
4. Realización dunha charla de 10 minutos de duración, a cargo das supervisoras, para o persoal da unidade incidindo nos 5 momentos.

#### HOSPITAL CLÍNICO

1. Realización dunha charla formativa teórico-práctica con soporte audiovisual na aula Hospitalaria ás 12 horas, e, coa realización dun reporte gráfico transcorrida unha semana desta formación para comprobar os coñecementos adquiridos e a sensibilización dos nenos respecto da hixiene de mans.
2. Mesa de concienciación no Hall do Hospital, a cargo de persoal de enfermería e Medicina Preventiva, con material informativo-formativo sobre hixiene de mans e comprobación in situ de mans mediante lámpadas led.
3. Colocación dunha pantalla no hall cos 5 momentos -en bucle alternando co cartel informativo- sobre hixiene de mans

#### HOSPITAL CONXO

1. Mesa de concienciación no Hall do Hospital, a cargo de persoal de enfermería e Medicina Preventiva, con material informativo-formativo sobre hixiene de mans e comprobación in situ de mans mediante lámpadas led.

#### HOSPITAL BARBANZA

1. Mesa de concienciación no Hall do Hospital, a cargo de persoal de enfermería e Medicina Preventiva, con material informativo-formativo sobre hixiene de mans e comprobación in situ de mans mediante lámpadas led.
2. Realización de concurso de debuxos a cargo dos nenos da gardería, coa posterior exposición no hall.



### 3.3 Área Sanitaria de Ferrol

1. Promover a participación dos nenos hospitalizados coas seguintes actividades:

ACTIVIDADE 1: Experimento isto pasa cando te lavas as mans.

Realizaremos un experimento con auga, pementa e xabón para poder observar e comprobar que é o que ocorre cando lavamos as mans e, polo tanto, sinalar a importancia desta acción.

ACTIVIDADE 2: Bolsa sensorial para limpar as mans.

Elaboraremos unha bolsa sensorial con xel e pompóns. Nela debuxaremos as mans dos nenos/as, que deberán limpar sacando os pompóns, que representan os virus e bacterias, delas.

ACTIVIDADE 3: Canción O baile das mans.

Traballaremos a importancia de lavar as mans e a forma en que o debemos facer a través dunha canción. Primeiro, leremos e cantaremos a canción. Despois, deberán ilustrar cada estrofa da canción.

ACTIVIDADE 4: Secuencia Lava ben as mans!

Explicaremos a secuencia que debemos seguir para facer un bo lavado de mans. Posteriormente, os nenos e nenas recortarán as diferentes imaxes da secuencia e intentarán colocalas na orde correcta.

2. A enfermeira do Servizo de Medicina Preventiva e a Supervisora de Esterilización e Medicina Preventiva realizarán demostracións nas diferentes unidades/servizos do hospital con solución marcadora e lámpada de luz negra.
3. A enfermeira do Servizo de Medicina Preventiva e a Supervisora de Esterilización e Medicina Preventiva colocarán no hall do hospital mesas informativas e demostrativas de técnica de hixiene de mans con cámara e reparto de petacas de solución alcohólica.
4. Desde o día 3 ata o 12 de maio todos os fondos de pantalla dos ordenadores conterán un cartel sobre a hixiene de mans e os cinco momentos da mesma.
5. Promover a participación dos profesionais a través da Asociación ADECASFE para a realización de fotografías relacionadas coa lema do Día Mundial da Hixiene de Mans.

6. Facilitar acceso desde a intranet a enlaces de vídeos demostrativos dunha correcta técnica de lavado de mans e utilización de solución hidroalcohólica.
7. Realizarase un *mailing* á totalidade de persoal da Área Sanitaria de Ferrol, seguindo como modelo a carta institucional da Consellería de Sanidade e as directrices da OMS.
8. Os días 4 e 5 de maio, en todas as pantallas de QUENDAS da ASF (consultas Marcide, Centros de Saúde (Fontenla M, Narón e Fene), Cita Previa e HDD) e tótem promoverase a hixiene de mans, a fin de que todas as persoas poidan participar na campaña.
9. Realizarase un mailing á totalidade dos centros sociosanitarios do ámbito territorial da ASF con recomendacións e enlaces a recursos sobre a técnica para unha correcta hixiene de mans en atención á situación actual de pandemia por coronavirus.
10. Realizarase un mailing á totalidade das asociacións de pacientes da ASF con recomendacións e enlaces a recursos sobre a técnica para unha correcta hixiene de mans en atención á situación actual de pandemia por coronavirus.
11. Saída a medios de comunicación para promoción poboacional da importancia da Hixiene de mans.

### 3.4 Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos

Desde o Hospital Universitario Lucus Augusti as actividades a levar a cabo co motivo da celebración do día mundial da hixiene de mans serán as seguintes:

#### Actividades xerais:

- Colocación de cartelería tanto da Consellería de Sanidade como da OMS (3 carteis).
- Proxección do vídeo Hixiene de mans OMS 2024 nas pantallas das salas de espera.
- Banner á apertura da intranet do hospital.
- Impresión de pegadas de mans con pintura lavable e sinaturas de traballadores, pacientes e/ou acompañantes, en soportes colocados a tal fin no hall principal do hospital.
- Reparto de mostras de solución hidroalcohólica e folletos informativos. Mesa informativa con persoal experto en hixiene de mans do Servizo de Medicina Preventiva.



### **Actividades en plantas de hospitalización:**

- Test in situ da hixiene de mans do persoal en 2 unidades de hospitalización con lámpada UV.
- Sesión formativa recordatorio sobre conceptos básicos en hixiene de mans co apoio, se é posible, do referente de hixiene de mans da planta elixida.

### **Actividades con alumnos de enfermería e medicina:**

- Envío de información ao Servizo de Docencia e á Escola de Enfermería para que reforcen nesa semana a formación en hixiene de mans, buscando así que os alumnos se convertan en embaixadores da correcta hixiene de mans.

### **Difusión:**

En colaboración co Servizo de Humanización para dar publicidade ás actividades a través de redes sociais e impresión de carteis.

#### **1. Difusión da Campaña na Intranet do Hospital:**

- Salvapantallas co lema deste ano "La hixiene de manos previene infecciones".

#### **2. Difusión por medio de correo electrónico a todos os traballadores do hospital, con información de interese sobre a hixiene de mans:**

- Enlaces aos protocolos internos de Hixiene de mans e uso adecuado de guantes.
- Enlace ao Curso de Hixiene de mans.

#### **3. Reparto de cartelería polos distintos servizos do hospital e os accesos principais.**

#### **4. Distribución de solucións de base alcohólica formato peto.**

#### **5. Auditoría dos produtos de HM nas habitacións e controis de enfermería.**

### **Distrito Sanitario Monforte de Lemos**

#### **1. Difusión da Campaña na Intranet do Hospital:**

- Salvapantallas co lema deste ano " A hixiene de mans prevén infeccións".

#### **2. Difusión por medio de correo electrónico a todos os traballadores do hospital, con información de interese sobre a hixiene de mans:**

- Ligazóns aos protocolos internos de Hixiene de Mans e uso adecuado de luvas.
  - Ligazón ao Curso de Hixiene de Mans.
3. Repartición de **cartelería** polos distintos servizos do hospital e os accesos principais.
  4. Distribución de solucións de **base alcohólica** formato peto.
  5. Auditoría dos produtos de HM nas habitacións e controis de enfermería.

## **Distrito Sanitario A Mariña**

### **Actividades xerais:**

- Envío de correo electrónico aos usuarios do hospital con texto breve da importancia da HM e comunicación da axenda de actividades.
- Colocación de cartelería no hospital: colocaranse os carteis propios remitidos desde servizos centrais así como cartelería propia de anos previos.
- Anuncio na intranet de mensaxes sobre o día 5 de maio.
- Durante a semana previa realizaranse observacións de adherencia á hixiene de mans facendo fincapé en momentos de baixo cumprimento como o "momento 5"

### **Actividades en planta:**

- Actividade de simulación: ao longo da semana, utilizarase unha habitación libre da planta na que se fará simulación. Grupos mixtos de traballadores achegaranse durante 15 minutos e deberán realizar as actividades típicas da planta. Observarase a hixiene de mans que realizan, indicando actividades ben e mal feitas con diferentes sons.
- Auditoría para comprobar o funcionamento adecuado de dispositivos de dispensación de produto de base alcohólica (PBA).
- Auditoría para comprobar uso incorrecto de luvas, xoias...

### **Difusión**

- Darase difusión das actividades a través de redes sociais. Esta difusión permitiranos chegar á poboación xeral e transmitir-lles a importancia en sobre a HM.

### 3.5. Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

#### 1. Roldas de Seguridade:

As Roldas de Seguridade son unha práctica recomendada para incrementar a seguridade do paciente, e permítenos coñecer a adherencia ás boas prácticas. Desde o mediados de mes de marzo estamos a realizar ditas roldas polas distintas unidades de hospitalización dos tres hospitais da nosa área. Nelas facemos observacións da adherencia as recomendacións dos distintos profesionais. Tras cada rolda, xuntamos o responsable da unidade e o persoal para realizar unha retroalimentación dos datos observados e recollidos analizando os erros cometidos.

#### 2. Premio "Mans de ouro":

A correcta hixiene de mans de profesionais sanitarios é unha estratexia crave para frear tamén a diseminación de bacterias resistentes aos antibióticos.

Como o ano pasado, queremos agradecer as boas prácticas dos profesionais da nosa Área Sanitaria de Ourense Verín e O Barco de Valdeorras, para iso, outorgaremos un premio a unidade de hospitalización (unha unidade por cada hospital) cos mellores resultados obtidos nas roldas de seguridade levadas a cabo. O premio leva como nome "Mans de ouro", e consistirá na entrega dun diploma e na difusión do premio nas redes sociais.

#### 3. Falemos de Hixiene de Mans:

Durante os meses de marzo e abril, o grupo de traballo de hixiene de mans, percorrerá as distintas unidades, expoñendo aquelas situacións onde se comenten máis erros dentro das recomendacións de hixiene de mans, en formato de pímulas formativas baixo o lema "Falemos de Hixiene de Mans".

#### 4. Stands:

O día 3 de maio instalarase un "stand" en cada hospital onde se realizaran demostracións da técnica de hixiene e dos momentos da hixiene de mans. Esta actividade está dirixida aos traballadores. Ademais, repartiranse folletos informativos, e merchandising.

#### 5. Muro de recoñecementos:

Recompensar ás persoas cando fan o correcto incrementa as probabilidades de animalas a que o fagan novamente e pode levar a formar hábitos duradeiros. Nunha contorna onde as redes sociais son comúns, compartir fotos de persoas

que se lavan as mans con xabón e eloxialas pode aumentar a motivación do persoal. A nosa idea é compartir nas nosas redes sociais fotografías de hixiene de mans e mans correctas dos nosos profesionais, para recoñecer o seu bo facer con carteis que leven lemas ou frases en relación a correcta hixiene de mans e os seus beneficios.

## 6. Actividades na comunidade:

a) Obradoiro “Cóidate para coidar: importancia da hixiene de mans para coidadores”, dirixido a persoal que traballa en Vivendas Comunitarias. Imos realizar un breve obradoiro, explicando a importancia de lavarse as mans, explicación de como se deben lavar as mans correctamente, e faremos algunhas dinámicas para que vexan o que fai o xabón as “bacterias”.

b) Obradoiro: Bichos fora!!. Esta dinámica ten como obxectivo concienciar ós máis pequenos da importancia da hixiene de mans, explicando mediante xogos sinxelos e divertidos os pasos a seguir para levar a cabo unha correcta hixiene das mesmas. Estes obradoiros levaranse a cabo en poboación infantil nos colexios.

### 3.6 Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

#### ACTIVIDADES CENTROS DE SAÚDE:

En todos os centros instalárase unha mesa con folletos, produtos para hixiene de mans, probas “in situ” da corrección da hixiene de mans mediante o emprego de cámara escura e cartelería que se lles envía desde o hospital.

Os que farán actividades formativas nos colexios son: CS de Vilagarcía, CS A Parda, CS Lárez, CS Ribadumia, CS Cambados, CS de Pontecaldelas.

- CS VILAGARCÍA. Mesa con material e folletos informativos o día 3 de maio.
- CS VIRXE PEREGRINA. Mesa con material e folletos informativos o día 3 de maio.
- CS VILANOVA AROUSA. Mesa con material e folletos informativos o 3 de maio.
- CS A PARDA. Mesa con material e folletos informativos o día 3 de maio.
- CS LÁREZ. Mesa con material e folletos informativos o día 3 de maio
- Irán ao colexio de Campañó o día 3 de maio.
- CS BALTAR:



- Mesa unha mesa con material e folletos informativos o día 3 maio.
- Fará unha simulación de hixiene de mans no centro coas nais e nenos que vaian á consulta de Pediatría.
- CS MARÍN:
  - Mesa con material e folletos informativos o día 3 de maio.
- CS PONTECALDELAS:
  - Mesa con material e folletos informativos o día 3 de maio.
  - Farán actividade nun colexio o día 3 de maio
- CS RIBADUMIA:
  - Mesa con material e folletos informativos o día 3 de maio.
  - Farán unha actividade nun colexio.
- CS CAMBADOS:
  - Mesa con material e folletos informativos o día 3 de maio.
  - Farán unha actividade nun colexio

#### **ACTIVIDADES PARA OS CENTROS HOSPITALARIOS:**

1.- MESAS INFORMATIVAS NOS HOSPITAIS: Montecelo, Provincial e O Salnés con:

- ♣ Material divulgativo diverso para pacientes, visitantes e profesionais.
- ♣ Mostras de diferentes produtos para a hixiene de mans, con demostración do seu uso correcto.
- ♣ Probas "in situ" da corrección da hixiene de mans mediante o emprego de cámara escura.

3.- **ELABORACIÓN E DIFUSIÓN DE TRÍPTICOS INFORMATIVOS PARA PROFESIONAIS E CIDADÁNS**, por parte do Servizo de Medicina Preventiva aos nosos centros hospitalarios e a Atención Primaria.

4.- **RECORDATORIO GRÁFICO NA INTRANET E PANTALLA SESIÓN INICIAL DE COMPUTADORES**, durante a primeira semana de maio.

5.- Reiteración **pílulas formativas** e informativas sobre Hixiene de Mans a través da **Intranet**.

### 3.7. Área Sanitaria de Vigo

Durante este primeiro trimestre creouse o Comité de Hixiene de Mans da Área Sanitaria de Vigo, co obxecto de liderar, coordinar e impulsar o programa de HM entre profesionais, pacientes e familiares das distintas unidades, servizos e centros pertencentes á nosa área. As actividades para celebrar o Día Mundial da Hixiene de Mans están a ser lideradas e coordinadas polo Comité, que este ano propón darlle énfase a campaña no uso adecuado de luvas. Propóñense as seguintes actividades:

1. Envío desde a Xerencia dun **correo electrónico dirixido a todos os profesionais da Área sanitaria**, lembrando a importancia da hixiene de mans e uso de luvas, e informando das actividades que se levarán a cabo o propio día da celebración (3 de maio).
2. Envío de **carteis oficiais da campaña 2024** a todas as unidades e centros de atención primaria.
3. Colocación de **banner da campaña 2024** nas entradas principal e de consultas externas do hospital Meixoeiro, na entrada de consultas externas e cafetería de persoal do H. Álvaro Cunqueiro e na entrada do centro de saúde Rosalía de Castro.
4. Difusión **durante a semana da campaña**, a través dos PC da Área Sanitaria de **boas prácticas** relacionadas co uso correcto de luvas e a hixiene de mans.
5. Publicacións en **prensa local** coas fotos do día.
6. Difusión en **redes sociais** e na intranet corporativa das fotografías e vídeos realizados polos profesionais con motivo do día mundial da hixiene de mans.
7. No mesmo día da campaña, realizaranse **talleres informativos/formativos** por parte de **residentes (medicina) e alumnos/as da escola de enfermería**, dirixidos a todos os profesionais presentes nas distintas unidades de hospitalización, críticos, urxencias e retén de celadores.
8. Realización de **sesións informativas en centros de Atención Primaria** por servizos (Cañiza, Rosalía, Redondela e Val Miñor).
9. Elaboración de carteis e infografía co **uso adecuado de luvas**.



### 3.8. Hospital Ribera – Povisa

Introdución co compromiso Ribera da hixiene de mans.

As actividades a realizar no Hospital POVISA para o día Mundial do Lavado de Mans do presente ano 2024, centraranse exclusivamente en prevención e motivación:

1. Sesión audiovisual para o persoal de saúde. O obxectivo da sesión é principalmente a motivación á adhesión ao lavado de mans, tanto durante a actividade laboral como fóra dela. Para isto utilizaranse diversos medios audiovisuais informativos e descrición de casos.
2. Uso de ferramentas audiovisuais informáticas. Como uso de salvapantallas e información en monitores de sala de espera:
3. Promoción de lavado de mans. Por medio do persoal sanitario a pacientes e visitantes, utilizando o material divulgativo propio de áreas comúns.
  - Realizárase feedback ás unidades de hospitalización.
  - Colocación de cartelería facilitada pola Consellería de sanidade.
  - Divulgación dos resultados das auditorías internas de cada unidade en formato póster, mostrando a cada unidade os seus resultados.
  - Mantelería específica na cafetería.
4. Formación en hixiene de mans:
  - Visitas ás unidades de hospitalización co xel fosforescente e a linterna de luz negra para amosar as zonas das mans que quedan menos hixienizadas.
  - Invitación a realizar o curso de hixiene de mans do ministerio.